



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 26/08/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde comezou esta lexislatura, no mes de xuño de 2007, o Pleno do Concello ven de aprobar, na gran parte das veces por unanimidade, decenas de acordos sobre obras e iniciativas a realizar no noso concello.

Aprobáronse mocións presentadas polo grupo do BNG como o asfaltado de pistas, como é o caso das de Areeiros en Santa Cristina de Cobres, ou as pistas de Outeiro do Gato e Casaldesanta en Vilaboa e a dos Sagiunchos en San Adrián de Cobres.

Tamén saíron adiante iniciativas como o arranxo e acondicionamento de lavadoiros, o do Pedrouzo e do Xogo da Pía e de parques, a construción dun Centro de Atención ao Visitante nas Salinas, a retirada dos símbolos franquistas, o remate das obras no parque e local da Canteira, a adaptación da sinalización turística ao Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galiza, etc.

O pasado día 17 de agosto, saíron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) as bases reguladoras do Plan de Investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra 2009-2011, polo que sería conveniente e razoable que aproveitando esta conxuntura se sacasen adianten estes acordos tomados polo Pleno.

Por todo isto, o BNG propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa utilizará os fondos que lles correspondan do Plan de Investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra 2009-2011 para sacar adiante todos aqueles acordos plenarios que están pendentes de facer.

Vilaboa, 26 de agosto de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA